



EXPEDIENTE: 10202-113	TIPO EXPTE: PROCEDIMENTO ABERTO DE SUBMINISTROS
	SOLICITANTE: Administración Electrónica

INFORME SOBRE A XUSTIFICACIÓN DE BAIAS ANORMAIS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CONMUTADORES PARA A REDE DE DATOS MUNICIPAL

Antecedentes

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 3 de maio de 2024, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

Dar conta da existencia de oferta con valores anormais ou desproporcionados no procedemento de contratación Exp 10202/113, na oferta presentada polo licitador SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC), concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a mesma.

Consta no expediente que a notificación realizouse o día 03/05/2024 co seguinte resultado:

SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC) recibiu a notificación o día 06/05/2024 presentando a documentación requirida con data 08/05/2024.

En relación coa documentación recibida, infórmase

SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC) basea a xustificación da súa baixa

- Declara a posibilidade de obter maiores descontos do fabricante (nivel partner ELITE) sen intervención de intermediarios, achegando escrito asinado do fabricante.
- Declara ter en conta os custos de recursos humanos con persoal propio aplicables ao proxecto.
- Declara ter en conta custos extraordinarios de índole financeira e da garantía definitiva.
- Declara prever un beneficio industrial do 10% cun importe de 32.975,21 €.

Así, o detalle de prezos (sen IVA) da oferta presentada por SATEC é:

- Custo subministro equipos: 246.477,69 €
- Desconto: 6.011,65 €
- Custo servizos propios: 56.310,83 €
- Custo total: 296.776,87 €
- Prezo ofertado: 329.752,07 €
- Beneficio bruto: 32.975,21 €

Unha vez analizada a documentación, respecto aos valores anormais da oferta presentada polo licitador SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC), conclúese que a xustificación do prezo é suficiente e esta xustificación e conforme ao orzamento detallado.

Asinado electronicamente por

O Técnico responsable de Seguridade informática.- José Francisco Mourelle González
O Xefe do servizo de Administración Electrónica.- Antonio Villanueva Guimeráns



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 13:25	Páxina 1 de 1
10202-113	CSV: A2A641-E3A1EF-B732A9-MJH41R-PTPEVX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		